



Entrevista con

Suso Cubeiro

Un ano de actividades

O libro dixital

Ilustración ao servizo do patrimonio

VEGAP e a xestión colectiva do dereito de autor




Ilustración portada: Suso Cubeiro

Editorial

Carta do presidente

Benqueridos socios:
Vivimos tempos incertos; a crise global que estamos a sufrir afecta tamén á nosa profesión, a contratación por parte das editoriais diminuíu sensiblemente e as axencias publicitarias, outro dos nosos principais clientes, son un dos principais afectados polos recortes das empresas. A isto hai que engadir o cambio de modelo de negocio que máis cedo que tarde terá que asumir a industria editorial coa inminente chegada ao mundo do libro do mercado online. As editoriais están xa a dixitalizar os seus catálogos para poder ofrecelos de forma inmediata en formato ebook, e isto supón un cambio radical no xeito de entender a comercialización dun produto que se mantíña intacto desde a aparición da imprenta de Gutenberg. O libro tanxible en soporte papel non desaparecerá, e seguirá a ser nos próximos tempos unha importante vía de ingresos para as editoriais, mais a porcentaxe de beneficio que se obterá dos ebooks incrementárase exponencialmente e desaparecerán do proceso as imprentas, a distribución tradicional e os libeiros. Por tanto, o prezo dos ebooks deberá baixar, e, xa que logo, os

nosos royalties aplicaranse sobre PVP sensiblemente inferiores. As editoriais reducirán custos de comercialización, e nós veremos reducidas as cantidades que percibiremos por cada libro vendido; por iso é tan importante establecer xa as bases que regulen un aumento das porcentaxes de autoría que percibamos os autores pola comercialización da nosa obra en formato electrónico; debemos atopar entre as partes canto antes unhas porcentaxes que fagan xustiza ao proceso creativo e dean á creación a importancia que merece cunha retribución axeitada. Esteamos atentos ante os posibles abusos e loitemos para que as editoriais aprendan a ver que merecemos mellores retribucións, porque iso axudará sen dúbida a xerar un produto de calidade co que gañar cartos. Lede as recomendacións do Observatorio da Ilustración Gráfica a este respecto e pactade para este formato porcentaxes de dous díxitos. Sorte a todos e benvidos ao apaixonante futuro que se albisca xa fronte a nós.

Santy Gutiérrez
Presidente de AGPI

AGPIRINA #8 Xullo 2010

Comité de redacción: Henrique Torreiro, Almudena Aparicio, Manel Cráneo, Javi Montes, Santy Gutiérrez.
Maquetación: María José Barreiro (Sesé)
Imprime: Lugami (Betanzos, A Coruña)
Depósito legal:

Edita: Asociación Galega de
Profesionais da Ilustración

Rúa Cardeal Cisneros 4-entr. dta., 15007 A Coruña
Apartado 799, 15080 A Coruña
Tel. 981 908 874
www.agpi.es • correo@agpi.es



AGPIRINA se edita co apoio de



V
c
G
a
P



Un ano de actividades

A AGPI desenvolve ao longo do calendario unha serie de actividades públicas, coa intención de que sexan cada vez máis e máis achegadas no tempo. Como mostra, neste artigo falamos do máis importante que levou adiante a asociación desde o anterior número de Agpirina (xuño de 2009).

Participación en feiras. A asociación participa anualmente en diversas feiras e salóns a moi diversos niveis. Por unha parte, para promover a actividade de ilustradoras e ilustradores galegos a través de postos, como os que vén montando nos últimos anos, no mes de agosto, no festival coruñés da BD Viñetas desde o Atlántico, onde tamén se acompaña dalgunha presentación pública de novidades, proxectos e publicacións, tal e como sucedeu en 2009, e como se prevé que suceda neste 2010. En novembro de 2009 tamén se participou nunha nova iniciativa promovida polo Concello da Coruña, a feira AchegArte, que viña suplir o oco deixado polo Cultural. En ambos os casos, a experiencia foi positiva, e cumpríuse con creces un dos obxectivos

da participación neste tipo de eventos: dármonos a coñecer na sociedade, e de paso tamén entre os ilustradores que aínda non pertencen á AGPI. De feito, varios se animaron a unirse á asociación grazas á nosa presenza en postos de promoción.

Boloña. Outra vertente da nosa participación en feiras é a do panorama internacional. Aínda que nalgunha ocasión a AGPI tamén se ten ocupado de xestionar postos institucionais, como ocorreu outros anos no Festival de Angulema, o maior peso da actividade neste campo está na promoción do traballo dos asociados nos mercados internacionais, a través da difusión de catálogos co contacto persoal con axentes e editores



Reunión de representantes de asociacións profesionais en Boloña
foto: Verónica Leonetti

que se dan cita nestes eventos. En 2010 prescindíuse da feira de Frankfurt (á que se foi en 2007, 2008 e 2009), mais, como é tradicional desde 2004, acudiuse novamente á de Boloña (23-26 de marzo), a máis importante das dedicadas ao libro infantil e xuvenil. Por cuestións orzamentarias, este ano só se puido enviar unha persoa (o incansable Manel Cráneo), e só puido ser por dous días, en lugar de catro, como é habitual. Non obstante, as xornadas aproveitáronse ao máximo, e distribuíronse os primeiros exemplares do que será o catálogo da exposición «E ata aquí podo ler...», unha colección de puntos de lectura en forma de 'pantonario' que causou unha moi grata impresión a cantos lles foi entregado. Novamente, a AGPI actuou como órgano difusor do labor dos ilustradores da nosa terra, facendo unha función que pode ser comparada coa dun axente, e que resulta sorprendente para moitos dos editores internacionais presentes na feira. Ademais, o noso delegado de AGPI aproveitou a viaxe para consolidar relacións institucionais (Xunta, AGE, Gáliz, Oepli) e para participar nunha reunión do EIF (European Illustrators Forum) xunto con outros representantes de FADIP. Toda a información desta expedición profesional pode lerse nun amplo informe redactado por Manel, que pode encontrarse na Zona Socios da nosa web.

Encontro de Ilustración. A sexta edición do Encontro Galego de Ilustración, como de costume, decorreu no salón da Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela, o derradeiro sábado de outubro de 2009. Contou nesta ocasión coa participación dos prestixiosos Max e Horacio Altuna como convidados especiais. Ambos ofreceron cadansúa interesantísima conferencia sobre os seus procesos creativos e traxectorias persoais —no caso de Max, apoiada nunha moi atinada proxección de traballos seus—, e despois participaron na mesa redonda que serviu para acompañar a presentación do Informe 2008 do Observatorio da Ilustración Gráfica, dado tamén o seu papel como presidentes de



Presentación do Informe 2008 no VI Encontro de Ilustración
foto: Óscar Villán

FADIP e de APIC (a asociación catalá de ilustradores), respectivamente. O Encontro contou este ano, como novidade, cunha pequena actuación do grupo vocal Crexendo A Modo, que serviu como interludio entre unha e outra disertación dos convidados. Despois do tradicional «Xantar de confraternización» dos socios no restaurante O Dezaseis, a tarde ocupouse, como tamén é habitual, coa asemblea anual da asociación. Nin que dicir ten que o VII Encontro está nestes momentos xa en preparación e que aíña haberá noticias ao respecto.

Novidades. Neste tempo, tamén houbo ocasión de que AGPI participase en actividades nunca antes levadas a cabo. Así, o 24 de abril de 2010, no Kiosko Alfonso da Coruña, e coordinada pola concellaría de Cultura da cidade herculina,

levouse adiante a actividade «Compra un poema», dentro da I Feira da Poesía, un encontro poético entre ilustradores e poetas, inserido dentro do programa «A cidade que le». Os ilustradores presentes, convocados a través de AGPI, fixeron ilustracións que servisen de complemento ás poesías dos escritores congregados alí pola AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) para todos os lectores participantes na actividade. Ilustradores e poetas foron remunerados polos organizadores para tomaren parte no acto, pero, alén diso, aqueles lectores que quixeron levar poemas e ilustracións tiveron que pagar un prezo simbólico, como forma de evitar a sensación de que o traballo dos autores é algo gratuito.

Faladoiros. Unha nova actividade comezou a tomar forma tamén nestes meses, e frutificou de momento, e con éxito, nunha primeira entrega. As «Tertulias AGPI» pretenden servir de punto de encontro dos ilustradores —e tamén entre ilustradores e outros cidadáns— e suscitar temas de interese que dean lugar a conversacións entre todas as persoas presentes. A primeira destas tertulias foi na Coruña (na céntrica Galería Sargadelos), mais a intención é que o lugar vaia variando en cada ocasión e visite outras localidades galegas, como Vigo e Santiago. Nesta ocasión o tema foi «Fuga de talentos: segue a ser necesaria a emigración de ilustradores?», e contouse, como convidado especial, con Alberto Guitián, que precisamente pasou uns cantos anos en Barcelona antes de volver para terras galegas. A súa experiencia serviu como fio condutor para levar adiante un entretido coloquio. Despois de dúas horas de conversa, parece que quedou claro que, malia que segue a ser importante a presenza física en lugares máis ou menos

centrais para tentar abrirse paso no noso difícil mundo da ilustración, unha vez lo grado iso, internet permite facer o noso traballo desde calquera lugar, o que pon en dúbida até certo punto a necesidade de emigración.

Marcapáxinas. E acabamos este breve repaso cunha actividade que aínda non foi, pero que curiosamente xa ten algúns froitos, como xa adiantamos unhas liñas atrás. A exposición «E ata aquí podo ler...», organizada coa colaboración do Concello da Coruña, decorrerá durante a Feira do Libro da Coruña, no próximo mes de agosto, pero os seus catálogos xa están preparados. Trátándose dunha mostra de traballos pensados como puntos de lectura ou marcapáxinas (en reproducións ampliadas para a súa exhibición), era lóxico que o soporte que actuase como catálogo fose iso mesmo, marcapáxinas, que se van distribuír en dúas versións: de forma individual e en conxuntos unidos mediante un parafuso plástico por unha das esquinas, formando algo parecido a unha guía Pantone. A exposición componse de case noventa traballos doutros tantos ilustradoras e ilustradores, que reflexionan

sobre a lectura e o libro a través das súas obras, creadas ou adaptadas para a ocasión. A iniciativa xorde a un tempo como exposición e como forma de difusión dos ilustradores galegos; deste xeito, aproveitouse, como se comentaba máis arriba, para levar ese material en primicia á Feira de Boloña. Como adiantado, ademais, o concello coruñés comezou a distribuír os puntos de lectura a través das casetas de librerías montadas co gallo do Día do Libro, co que algunhas persoas xa comezaron a descubrir a que promete ser unha das exposicións máis populares levadas adiante pola AGPI.



Suso Cubeiro

Por Santy Gutiérrez

Fuches uns dos «pais fundadores» da AGPI. Como xurdiu a decisión de organizarse nunha asociación profesional? Que anécdotas lembrás dese período fundacional?

A idea de facer unha asociación de ilustradores xurdiu de Xan López Domínguez. Un día, de xa hai moito tempo, chamoume ao estudio para contarme que andaba inqueda pola situación laboral dos ilustradores e debuxantes. Pensaba, con razón, que a mellor maneira de acadar unha postura de forza e traballar polos nosos dereitos era facer unha asociación galega, á maneira do que xa levaban feito noutras comunidades. Despois de moitas conversas, fixemos una reunión duns poucos, na que Calros Silva se comprometeu a conseguir o local da Galería Sargadelos para facer a primeira asemblea. Cada un dos asistentes chamou os colegas dos que tiña coñecemento pregándolles á vez que «corresen a voz». Desta maneira logramos xuntarnos uns vinte na primeira reunión. Nesta primeira asemblea nomeamos unha xunta directiva provisional, quedamos para redactar os estatutos, organizamos tarefas e algunha cousa máis das que se fan nunha asemblea dunha asociación, pero o que resultou de máis proveito de todo foi o xantar que fixemos ao rematar. Aínda que as viandas non estiveron mal, o mellor foi o bo ambiente que se formou entre os asistentes. Hai que ter en conta que a meirande parte de nós case non nos coñecemos máis que de oídas e, pódoo asegurar, houbo unha boa sintonía que non se perdeu nunca. Sempre pensei que o mellor que ten a nosa asociación non son os posibles logros sociais ou reivindicacións, o mellor que nos da é a posibilidade de coñecernos, comunicarnos e intercambiar experi-



Caricatura de Suso Cubeiro a cargo de Santy Gutiérrez

encias, opinións e afectos. De todos os xeitos, o que hai que ter claro é que a asociación nunca podería chegar a funcionar se non fose pola chegada da «xente nova». Ao marchar o Xan para Madrid, pasouse a un período de inactividade que, se non fose por xente como Manel Cráneo, Óscar Villán, ti e moitos outros máis daquela época dos que algúns xa non están, como Víctor Rivas ou Kiko da Silva, a asociación non tería ido para adiante. Unha anécdota «das que se poden contar» é que nun principio a asociación tiña as siglas IGA («Ilustradores Galegos»). Cando Xan se presentou na FADIP con semellantes siglas os madrileños díxéronlle que se andabamos de broma (como o h é mudo, pensaban que nos chamabamos «higa»). A verdade é que a min aquel malentendido me facía graza, pero co tempo foise impondo a razón e o bo facer, co que as siglas da asociación remataron en AGPI.

Ti opinas que os «artistas» teñen unha especie de «licenza para dicir calquera cousa», xa que a sociedade tende a considerarnos excéntricos; pensas que esa «licenza» pode axudarnos a expresar o noso discurso reivindicativo, ou pola contra nos prexudica ao facer pensar que aos artistas non se lles pode facer moito caso?

Non é exactamente unha licenza para diciren calquera cousa. Se a min ti me dis «Suso, que calvo vas», o máis probábel é que rematemos de falar nese intre por moi artista que sexas. O que eu penso é que, dada a nosa independencia social, temos a posibilidade de ser, dicir e actuar como nos pete, xa que logo vivimos do resultado do noso traballo, non da nosa aparencia externa. Isto, que parece unha parvada, é algo que poucos colectivos poden permitirse. Esta «licenza» non axuda nin prexudica a ningún dos nosos discursos, reivindicativos ou non; o que axuda ou prexudica é a persoa que a emprega. Por outra banda, penso que a sociedade lles fai caso aos «artistas», ás veces de máis, como podemos comprobar nos exemplos dalgúns deles, falecidos ou non. E non me pidas nomes, porque creo que é ben evidente.

En plena era tecnolóxica e tendo probado a traballar con ordenador, que che fai volver usar técnicas tradicionais como a acuarela ou o aerógrafo?

O feito de volver á acuarela (que non ao aerógrafo) foi por unha necesidade vital. Isto soa moi transcendente, pero é real: ao ter a rapariga na casa só podía traballar cando ela durmía e, como o ordenador o tiña lonxe do berce, corría o risco de non escoitala se choraba. A acuarela pódese traballar en calquera sitio, así que decidín volver ás raíces e, de paso, pasalo ben co traballo. Pódoche asegurar que para min é moito máis gratificante o traballar directamente sobre o papel que na pantalla do ordenador. Pero nada é perfecto: a meniña agora vai á gardería, e eu volví a aceptar encargos de traballo feito no ordenador, pois, aínda que me gusten menos ou máis, hai que producir...

Que proxectos estás desenvolvendo actualmente?

Agora mesmo estou a ilustrar un libro sobre a infancia de Félix Rodríguez de la Fuente en Poza de la Sal. O escritor é Miguel A. Pinto, que fixo a historia a partir dos datos que lle deron Policarpo de la Fuente e Antonio Sanjuanés, compañeiros de trasnadas do protagonista.

De cal dos teus traballos estás máis satisfeito, ou gardas mellor recordo?

Case sempre do último, e neste caso o último é *Un xoguetes para Rosalinda*, un conto con base real sobre o consumo responsable que escribiu Ana Prado (unha historia con algo de fadas, dragóns e maxia). Pero está claro que o único traballo que é fillo-fillo meu é *Larita, unha historia de trens*. Nese traballo eu fixen tamén o texto e, ao pouco de rematalo, morreu o meu amigo e asesor técnico César Mazaira. El foi o que me animou a escribir o conto e o que me proporcionaba a documentación, así que o recordo dese libro ten unha boa carga emocional.

Os ilustradores temos unha relación de amor/odio cos editores. Atrévete a nomear un caso especialmente doce ou amargo na túa experiencia profesional?

Claro. Un caso doce e amargo á vez. Hai moitos anos unha editora e amiga propúxome facer o meu primeiro traballo para infantil. O texto daba xogo e pensei que podía quedar ben, así que tentei negociar dereitos de autor. Aínda que parece increíble, nesas datas falar de dereitos sen ser o autor do texto era case que falar de ciencia ficción, pero eu intenteino. Aquel foi o único desencontro que tiver coa miña amiga-editora na vida e, como non chegamos a un acordo «ou o tomas ou o deixas», fixen unha especie de «folga xaponesa». *O señor mago e a folga* vai por seis edicións en galego e non sei cantas en portugués. Teño que felicitar o autor do texto, que algo ten cobrado grazas ao meu cabreo, e á miña editora-amiga porque na editorial xa contratan con dereitos de autor como cousa habitual.

O libro dixital



Aínda que poida despistarnos a existencia no mercado de innumerables aparellos pensados especificamente para a lectura de ebooks, o certo é que calquera dos arquivos PDF que lemos a diario no ordenador (por exemplo) pode ser un libro dixital: o seu emprego é cada día máis habitual e cotián. Independentemente do noso parecer persoal sobre se a lectura en papel é mellor ou peor que a que facemos en pantalla, o certo é que unha parte moi importante dos ingresos dun ilustrador van depender da difusión dixital da súa obra, e por iso temos que prestar moita atención aos cambios que se van producindo. Nesta ocasión, ofrecemos dúas reflexións sobre este asunto, un tema que, sen dúbida, volveremos tratar en próximos números.

Recomendacións do Observatorio da Ilustración sobre libro dixital

Transcribimos a continuación as recomendacións que fixo públicas o Observatorio da Ilustración Gráfica [<http://observatoriodelailustracion.org/>] en relación co libro dixital:

«A Comisión de Profesionais do Observatorio da Ilustración Gráfica, ante a problemática que comeza a representar o libro dixital no que respecta a dereitos e condicións para o autor, e considerando a disparidade de criterios que se están a dar no panorama, tremendamente cambiante, decidiu comunicar publicamente as seguintes recomendacións, que se verán complementadas cun breve estudo ao respecto no próximo Informe do Observatorio. Por esta razón recomendamos:

- non asinar ningunha cláusula relativa á versión dixital dun libro mentres as condicións xerais deste novo mercado non estean claras; pode ser unha solución (polo menos se a ilustración constitúe unha parte predominante na obra) estipular no contrato que a editorial do libro analóxico teña unha opción de preferencia para a edición dixital só no caso de que esta iguale as ofertas de terceiros;

- se estas opcións non fosen posibles, esixir no relativo á edición dixital unha

porcentaxe para os autores nunca menor do 20-25% do PVP sen IVE (outras fórmulas posibles para o cálculo da porcentaxe resultan inxustas ou confusas), e que todas as cláusulas relativas a esta versión dixital teñan unha vixencia de só un ou dous anos, de forma que se poidan revisar as condicións unha vez pasado ese prazo.

Lamentablemente, moitos contratos asinados nos últimos anos viñeron incluíndo xa entre as súas condicións a cesión dos dereitos para a versión dixital, mais animamos os ilustradores a prestaren atención a estes detalles nos novos documentos que asinen, e a non aceptaren neles ningún tipo de cláusulas que impliquen ceder dereitos para soportes distintos aos da edición en papel. A lei ampáraos e esixe a realización de contratos separados para garantir unhas condicións xustas para cada un deses soportes. En caso de dúbida, animámoslos a pórse en contacto coas asociacións profesionais para recibiren asesoramento.»

A nova «cadea de valor» da edición

HENRIQUE TORREIRO

(Artigo publicado en CulturaGalega.org en maio de 2010)

Cómpre analizar os novos lugares dos intervinientes no proceso editorial.

O único certo de todo o asunto do advenimento do libro dixital é que ninguén ten claro como será realmente, como irá funcionar. Só se sabe que é unha evolución inevitábel, e tarde ou cedo tamén para a BD. Neste panorama, o realmente útil é comprender ben o presente, para poder afrontar o que virá. Aínda que se fale moito do contacto directo entre creador e lector, sen intermediarios, non debemos esquecer que na internet hai sempre un, como mínimo: as empresas subministradoras dos servizos, que non son precisamente neutras. Intermediarios vai haber, mais hai que buscar moderar a súa presenza até o razoábel.

Na edición necesítase a figura do editor, un profesional que debe, primeiramente, seleccionar con criterio as obras que ofrece, e, ademais, facer que cheguen ao público na mellor das calidades posibles, nos niveis técnicos e creativos. O editor pode mesmo ser o promotor dunha obra, e, na maioría dos casos, ten un labor de revisión e *afinación*, incluso se falamos de autores consagrados. Despois, no mercado tradicional, o editor ten que pór en marcha unha serie de mecanismos para que a obra poida chegar ao lector. Isto inclúe todos os procesos relacionados con calquera produto físico: fabricación, almacenaxe, promoción, distribución; nalgúns casos, con empresas que cobran un tanto fixo (a imprenta), e noutros, unha porcentaxe sobre as vendas (a distribuidora, a librería).

De todo isto, até agora, a participación sobre o prezo de venda ao público era —simplificando— do 10% para o autor (nalgúns casos menos), o 30% para a librería (en grandes superficies máis, até un 40%), o 20% para a empresa de distribución, e o resto para a editorial, que loxicamente tiña que cubrir todos os gastos de edición (imprenta, deseño e maquetación, promoción, etc.).

Do físico ao virtual

Co dixital, no libro deixa de existir todo o que tiña de produto físico. Mais, se é erróneo pensar que desaparece a intermediación, tamén o é tentar reproducir exactamente os mesmos esquemas tradicionais, incluída a proporción dos intervinientes no proceso de produción. O editor ten moitos labores que son idénticos aos dun libro analóxico, mais non algúns dos que o encarecen; librería e distribuidora, pola súa parte, pasan a ser plataformas tecnolóxicas (se non unha soa), cuns custos técnicos iniciais e de mantemento, pero moitísimo menos gasto de persoal e nada do de transporte. Por iso, que as empresas queiran operar no dixital coas mesmas marxes do libro tradicional está nitidamente fóra do sentido común.

Deste xeito, parece haber consenso en que os prezos dos libros deberían ser máis económicos, porque soportan menos custos reais, pero tamén debería estar claro que dese prezo o autor ha de obter unha maior marxe. Algunhas organizacións de creadores están a reclamar o 30%, sen descartar cifras maiores segundo o caso. É certo que, de momento, o negocio do libro dixital é moi pequeno, pero todo indica que non vai deixar de crecer exponencialmente, e chegará a ser parte importante dos ingresos dun autor. Hai editoriais que nos últimos anos incluíron nos contratos que a versión electrónica ficase paga polo prezo da edición en papel. Corresponde aos autores non asinaren novos documentos con ese tipo de cláusulas. E, tal e como están as cousas, esixir que, de momento, os contratos para o dixital non duren máis que un ou dous anos, mentres non se aclare a situación.

A xestión colectiva dos dereitos de autor dos ilustradores

VEGAP

VEGAP é unha asociación que foi creada polos artistas en 1990 para xestionar de forma colectiva os dereitos de autor que a Lei de propiedade intelectual recoñece aos autores de creacións visuais: **os ilustradores**, os artistas plásticos, os fotógrafos, os deseñadores gráficos, os videoartistas, os net-artistas, etc.

É unha organización privada da que son propietarios todos os seus socios e que atende a unha necesidade de interese xeral: facer que a Lei de propiedade intelectual se cumpra a favor do sector da creación visual.

Trátase duna verdadeira cooperativa de autores. **É unha organización autoxestionaria.** Os autores xuntos poden facer posible que unha estrutura organizativa que conta con avogados, xestores e economistas traballe para eles defendendo os seus dereitos e xestionando no seu nome as autorizacións para o uso das súas obras.

V
e
G



A entidade finánciase mediante o desconto de administración que se aplica á recadación dos dereitos. É unha organización sen ánimo de lucro, cuxas

contas son auditadas todos os anos e publicadas na web (www.vegap.es), e deben ser aprobadas pola Asemblea de Socios.

Os socios de VEGAP non pagan ningunha cota anual de afiliación. Existe un único pagamento que se realiza no momento da incorporación do autor á sociedade, que é de 60 euros.

VEGAP é o nodo español dunha rede internacional formada por 39 países e que agrupa máis de 55.000 creadores. Os socios de VEGAP están representados nestes países nas mesmas condicións que o están os socios das sociedades de creadores visuais desas nacionalidades.

Os ilustradores e VEGAP

Calquera ilustrador pode ser socio de VEGAP se o desexa. Só é necesario acreditar a condición de ilustrador, xustificando ter realizado polo menos unha obra publicada.

O ilustrador pode encargarlle a VEGAP a totalidade da súa obra. Se o prefire pode encargarlle soamente a xestión daquelas obras que non están sometidas

a cesións de dereitos previamente, as cales pode excluír da xestión de VEGAP.

Tamén pode encargarlle só un número limitado de obras xestionando as demais por si mesmo, ou ben, se así o desexa, deixando estas obras libres de dereitos ou sometidas a outro tipo de licenciamento, como as licenzas «Creative Commons».

VEGAP non soamente xestiona os dereitos de reprodución, de comunicación ao público das obras por televisión ou cinema ou a posta a disposición delas na internet, senón que tamén xestiona a denominada remuneración equitativa por copia privada, tanto para os socios como para os non socios de VEGAP pois trátase dun dereito cuxa xestión obrigatoriedade ha de ser realizada por unha entidade de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual, e o autor non pode xestionalo por si mesmo, de acordo co establecido na lei.

Ademais, VEGAP presta un servizo de orientación xurídica a favor dos seus socios, e asesóraos na contratación que se fai das súas obras por parte dos editores e outros empresarios que contratan os ilustradores.

En 1997, VEGAP creou a Fundación Arte y Derecho, que desenvolve unhas actividades asistenciais a favor dos socios de VEGAP e de promoción de todo o sector da creación visual.

Entre as prestacións que reciben os socios de VEGAP encóntranse seguros gratuítos, sanitarios, de accidentes, de taller ou do estudio... Tamén, existe un departamento de asistencia social para aqueles creadores que precisan atencións de emerxencia: tarxetas sanitarias, pensións non contributivas, prestacións da Lei de dependencia, etc.

Os socios de VEGAP reciben asesoramento xurídico e asesoramento fiscal gratuítos.

A Fundación edita a única colección existente en España de libros xurídicos especializados en materia de Dereito de Autor da Creación Visual e de ensaios sobre arte.

Ademais, a Fundación convoca todos os anos o Certame «Propuestas», que financia os mellores proxectos para a rea-

lización de obra ou para a divulgación da existente.

A tarxeta de socio de VEGAP permite o acceso a determinado tipo de servizos comerciais con prezos especiais.

A Fundación, que é un organismo único no seu xénero, é un instrumento fundamental para a divulgación do Dereito de Autor da creación visual e para a protección dos intereses profesionais dos ilustradores e dos demais creadores visuais.

A representación dos ilustradores en VEGAP

O órgano soberano de VEGAP é a Asemblea de Socios. A Asemblea elixe de entre os seus membros 20 autores para que formen o Consello de Administración que dirixe a organización en mandatos de cinco anos.

O Consello está formado por autores que forman parte das distintas disciplinas artísticas da creación visual. Cada membro do Consello represéntase a si mesmo, pero indubidablemente é a súa bagaxe e a súa experiencia persoal unha das achegas máis valiosas para o conxunto da organización.

Actualmente, é membro do Consello de Administración **Horacio Altuna**, e con anterioridade fórono outros ilustradores como **Arnal Ballester**, **Perico Pastor**, **Asun Balzola** ou **Javier Mariscal**.

A representación de cada socio é directa e a xestión dos seus dereitos é colectiva. VEGAP é un espazo común para todos os seus socios e todos dispoñen da mesma ferramenta de traballo. Ningún dos socios é propietario absoluto de VEGAP e todos o son colectivamente na mesma proporción.

VEGAP ten un departamento de atención ao socio que informa de calquera detalle necesario de coñecer para facerse membro da entidade, e ademais atende os socios en calquera das distintas incidencias que poden xurdir con motivo da súa actividade profesional ou como consecuencia da xestión dos seus dereitos. O responsable do departamento é Carlos González, e o seu correo electrónico é cgonzalez@vegap.es.

Ilustración e deseño ao servizo do patrimonio

ENRIQUE MINGOTE RODRÍGUEZ

Ilustrador-deseñador gráfico

Poden a ilustración e o deseño gráfico axudar á conservación do noso patrimonio?

A resposta é que si. As visitas a museos e espazos naturais teñen un novo pulo grazas a unha nova forma de comunicación gráfica deseñada para os visitantes. Este proceso feito especificamente para comunicar emocionalmente o espectador con aquel patrimonio que visita no seu tempo de lecer é coñecido co nome de **Interpretación do Patrimonio (IP)**.

Neste proceso teñen un papel fundamental o ilustrador e o deseñador gráfico, como ponte entre o patrimonio visitado e o visitante; revelan o verdadeiro significado daquilo que temos diante, que doutra maneira ben podería pasar desapercibido.

O intérprete gráfico utiliza fundamentalmente o cartel. Un folio de texto e un cartel teñen a mesma información, mais o cartel preséntaa de forma **amena, significativa e pertinente**.

Mais onde radica a eficacia da interpretación gráfica?

O deseño gráfico interpreta o patrimonio por medio da imaxe, facilitando rapidamente a transmisión da información dun xeito máis atractivo e comprensible, simplificando ideas e aforrando centos de palabras. Anima á lectura autoseleccionando as audiencias. Separa os contidos estruturándoos en niveis ou rangos sen restrinxir o deseño artístico, e dándolle dunha estratexia.

achega gran cantidade de información ao espectador. Pero se ademais combinamos nun mesmo soporte de forma equilibrada a imaxe co texto, seremos capaces de interpretar o patrimonio.

Temos que lograr que o público se deteña durante uns segundos para que a mensaxe chegue ao seu destino. Nese primeiro achegamento, a comunicación debe ser tan áxil, rápida e atractiva como para cativar o público e facelo participe daquilo que estamos a interpretar. O destino último da mensaxe non é o cerebro, senón o corazón. Desde alí debe emprender un camiño de volta convertido en sensacións ou emocións que teñen como fin último o aprecio e a protección do noso patrimonio. Porque se non somos capaces de transmitir emocións dificilmente seremos capaces de que o espectador sexa o primeiro interesado na custodia e defensa do patrimonio.

A interpretación gráfica ábrese pouco a pouco un oco no panorama do deseño gráfico en Galicia. Ofrece un campo profesional excelente para desenvolver as capacidades creativas de ilustradores e deseñadores cun obxectivo claro: a protección e a custodia do patrimonio galego.

Para saberes máis:

<http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/>

<http://www.interpretationbydesign.com/>

<http://www.interpnet.com/>



Ilustración: Enrique Mingote